

Lei 8/1992, do 24 de xullo, pola que se modifica o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, sobre a obrigatoriedade de acreditarlo coñecemento da lingua galega nas probas selectivas para o acceso á función pública de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 163, do 28.6.1991.

Emendas, BOPG núm. 205, do 6.11.1991.

Debate de totalidade, DSPG núm. 10, do 7.4.1992.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 284, do 12.6.1992.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 288, do 17.6.1992.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 289, do 19.6.1992.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 121, do 23.6.1992.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 297, do 7.7.1992.

Diario Oficial de Galicia núm. 152, do 6.8.1992.

Boletín Oficial del Estado núm. 247, do 14.10.1992.

Lei 8/1992, do 24 de xullo, pola que se modifica o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, sobre a obrigatoriedade de acredita-lo coñecemento da lingua galega nas probas selectivas para o acceso á función pública de Galicia

Esta lei foi derogada polo Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia

O artigo 5.1 do Estatuto de autonomía de Galicia afirma que a lingua propia de Galicia é o galego, engadindo o propio artigo, no seu apartado 2, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar. A normativa exposta establece un réxime de cooficialidade lingüística que rexe no territorio desta Comunidade Autónoma e da que, entre outras consecuencias, se deriva que tanto o galego, como lingua propia de Galicia, coma o castelán, en canto que lingua oficial do Estado, son, ambas, oficiais das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma, tal e como afirma a Lei 3/1983, do Parlamento galego, de normalización lingüística.

Resulta claro, por iso, que a esixencia do coñecemento do galego para o acceso á función pública da Administración da Xunta está de acordo co principio de mérito e capacidade, tal como expresa, entre outras, a sentenza do Tribu-

nal Constitucional do 28 de febreiro de 1991, dictada no recurso de inconstitucionalidade n.º 955/85.

En consecuencia, de acordo co carácter do galego como lingua propia e oficial de Galicia, segundo o Estatuto de autonomía e o artigo 4 da Lei de normalización lingüística, apróbase a seguinte lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei pola que se modifica o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, sobre a obrigatoriedade de acredita-lo coñecemento da lingua galega nas probas selectivas para o acceso á función pública de Galicia.

Artigo único

Modifícase o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, de acordo co seguinte texto:

«Artigo 33

Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego no eido da Administración pública en Galicia e para garanti-lo dereito dos administrados ó uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma e maila promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3 da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autonómica terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega.»

Disposición derradeira

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e os seus preceptos afectarán a tódalas probas de selección que se convoquen a partir desta data.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 1992

Manuel Fraga Iribarne
Presidente